



María do Cebreiro, extraviada

No currículo oficial de María do Cebreiro consta que é doutora en Filoloxía Hispánica, que vén dunha familia de escritores e músicos, que ensinou en varias universidades, que se dedica á crítica literaria, ao ensaio, á tradución e que ademais é poeta. Con todo, o que non figura nese currículo é a súa querencia polo blúes e o jazz - como demostrou na colectánea *Damas negras*-, que ten o signo zodiacal de cancro ou que a fascina Jacques Lacan, datos tanto ou máis determinantes na súa vida como os anteriores.

Foi en 1998 cando descubrimos á María do Cebreiro poeta grazas a un libro, *O estadio do espello*, onde se empeñaba en marcar un camiño propio dentro das liñas estéticas predominantes nese momento. Así o volume mereceu críticas como as de Xosé Lois García quen dixo que a autora viña «abrir unha grande fenda no porvir da poesía galega» e, sobre todo, incluíuna na nómina das máis interesantes poetas daquela altura. Despois veu o accésit do Premio Esquío con (*nós, as inadaptadas*) (2002), o Premio Caixanova-PEN Clube de Galicia por *Non queres que o poema te coñeza* (2003) e os dous últimos libros: *O barrio das chinesas* (2006) e *Os hemisferios* (2006). Neles pode observarse que o discurso poético de María do Cebreiro está vinculado, en boa parte, á construción dun modelo identitario feminino distinto ao imposto pola sociedade patriarcal, tema no que coincide coas súas contemporáneas. Se na primeira obra todas eran Marías (nome común ás mulleres bautizadas nunha época) e os anacos de cancións infantís dos anos setenta e oitenta servían para resaltar a imaxe submisa esixida á muller, despois viñeron Wendy (personaxe da novela *Peter pan* de J.M. Barrie que exerce de *naiciña* do neno protagonista) e as sereas, mais tamén outras mulleres da historia (elas, *As terceiras mulleres*, das que se ocupou nun dos seus ensaios) que romperon moldes. Con todo, aparecen nos poemas máis liñas interesantes como o encontro con outras artes (a música e o cine) e ciencias (Historia, Filosofía, etc.), o pensamento reflexivo sobre a escrita poética e a renovación dunha linguaxe que sorprende e emociona. Para alén disto, María do Cebreiro tenta derrubar as fronteiras que se estableceron entre os xéneros literarios porque, a que un día berrou como consigna: «Explorarei daquela tódolos extravíos», non pode atermose ao camiño fácil senón buscar a altura e a profundidade, á fin, como di na súa última obra, «Escribir un poema parécese a atrapar un paxaro./ Parécese a botar as redes sobre os peixes».

// **Teresa Seara**